

## A OV430 pecha o Ciclo de Outono con 'Música de cine'

- A Orquestra Vigo 430 pecha o Ciclo de Outono homenaxeando a Ana Novoa
- A OV430 interpretará 'Música de cine', co compositor vigués Brais González
- Contará coa prestixiosa Isabel Rubio á batuta
- A entrada será gratuíta mediante reserva, que pode formalizarse en [reservas@vigo430.com](mailto:reservas@vigo430.com) ata completar aforo

Este mércores 15 de decembro chega a última oportunidade para gozar do Ciclo de Outono da Orquestra Vigo 430 -algo posible grazas ao apoio da Concellería de Cultura do Concello de Vigo-. Será co concerto máis especial, '**Música de cine**', e celebrarse no **Auditorio do Concello** a partir das 20:00 horas.

Trátase dun dos concertos máis significativos na historia da Ov430, sobre todo no sentimental. A **homenaxe a Ana Novoa**, cuxa figura resulta imprescindible no proxecto da formación viguesa. Un programa que estaba previsto que se interpretase meses atrás, pero que tivo que pospoñerse debido á pandemia. Un programa froito, precisamente, do árduo traballo de Ana Novoa, quen fose xerente da OV430 desde practicamente a súa composición ata hai apenas uns meses. Con este concerto, a Orquestra Vigo 430 quere agradecerlle o agarimo, a xenerosidade, a entrega, o entusiasmo, e o traballo durante todos estes anos.

Neste concerto, gozaremos do **compositor vigués e gran especialista en música de cinema Brais González**. Da súa man, faremos unha travesía de máis de seis décadas percorrendo os principais expoñentes cinematográficos e musicais da historia de Hollywood. Un camiño singular no que poderemos comprobar de primeira man o desenvolvemento da música composta para a imaxe ao longo dos anos, así como que a música de concerto foi sempre inspiración para os creadores de bandas sonoras. Á batuta estará novamente a gran **Isabel Rubio, Directora Asociada da Orquestra Vigo 430**.

A cita terá lugar este **mércores 15**, a partir das **20:00 horas**, no **Auditorio Municipal do Concello de Vigo**. A entrada ao concerto será gratuíta, pero será necesaria reserva. A mesma pode formalizarse en [reservas@vigo430.com](mailto:reservas@vigo430.com), ata completar aforo.

Para quen non poidan facerse cunha localidade ou achegarse ao concerto, a OV430 estableceu un acordo de colaboración coa plataforma **'Tolemias'**, e o concerto **podará seguirse en streaming**. Toda a información está dispoñible en [www.vigo430.com](http://www.vigo430.com).